

### **BASES DO III CONCURSO DA FILLOA E ORELLA**

1. Poderán participar, individualmente ou en grupo, todas aquelas persoas interesadas, co único requisito de non seren profesionais do eido da repostería.
2. As inscricións para o concurso realizaranse na Casa do Concello ou no teléfono 608 216 955, sendo a data límite para inscribirse o día 12 de febreiro.
3. A decisión do xurado terá lugar o día 13 de febreiro ás 17.00 horas, dentro dos actos de celebración da festa do Entroido. Haberá que entregar as filloas e orellas o mesmo día, entre as 16.50 e as 17.00 horas na rúa Pratería.
4. Para participar no III Concurso da Filloas e a Orella, o número mínimo de ambas as categorías é de cinco.
5. Haberá en concurso dúas categorías (filloas e orellas) e, dentro delas, valorarase a filloa máis saborosa, a máis orixinal, e a mellor orella. Recibirán como premio un trofeo e un agasallo. As filloas non poderán ir recheas.
6. A valoración dos pratos presentados e o ditame do concurso corresponderalle a un xurado integrado por diversos profesionais do sector hostaleiro do propio concello. Despois do ditame do xurado, as filloas e as orellas repartiranse entre o público asistente á festa do Entroido.
7. As bases do concurso están expostas na Casa do Concello
8. A organización resérvase o dereito a solucionar calquera conflito que puidese derivar da súa interpretación.
9. A participación nesta promoción supón a aceptación implícita das bases.